

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA ACTIVIDADE DE IDENTIFICACIÓN DE BOAS PRÁCTICAS NA ATENCIÓN INTEGRADA DA EPOC.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou o 18.09.2021 o convenio arriba referido con Boehringer Ingelheim España S.A., por un período de vixencia que ía desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o cumprimento total das obrigacións contraídas e aceptadas polas partes, cun límite máximo de vixencia ata o 31 de decembro do 2021

O instrumento convencional ten por obxecto a celebración dunha xornada de formación para a identificación de Boas Prácticas na atención integrada da EPOC, dirixida a profesionais sanitarios adscritos a servizos ou unidades asistenciais das distintas Áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Coa finalidade de lograr o devandito obxecto, no marco do convenio debíase elaborar un Programa desta actividade, destinado principalmente á formación de profesionais sanitarios que exerzan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que a xornada podía emitirse en aberto a través da páxina da ACIS na plataforma Youtube e, posteriormente manterse na mesma para a súa visualización en diferido.

O Programa debíase concretar a través dunha serie de mesas emitidas en directo que debían consistir, basicamente, en coloquios entre distintos profesionais, co obxecto de dar conta das súas experiencias neste ámbito. A elaboración deste programa correspondíalle á Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde.

Pola súa parte, Boehringer Ingelheim, como entidade colaboradora, conviña en colaborar economicamente coa ACIS financiando o custo dos gastos de organización desta xornada (adequación e dispoñibilidade de locais, asistencia técnica, custos de emisión, deseño de imaxe, etc por un importe de sete mil douscentos corenta euros (7.240,00 €), de acordo co orzamento que figura no anexo I a este convenio.

Pola súa banda, a ACIS comprométese á retransmisión desta xornada e a difundir a participación da entidade colaboradora mediante a inclusión dos logos da mesma, para o que a ACIS quedaba expresamente autorizada por parte da entidade colaboradora. A ACIS, virtude deste convenio, é a responsable en exclusiva da retransmisión das actividades en aberto por streaming, nunha canle propia que permitise a participación da audiencia e tamén o seu

almacenamento para visualización posterior desde a propia canle.

Mediante o decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Boehringer Ingelheim é unha compañía farmacéutica que basea a súa estratexia empresarial en potenciar os valores humanos e os avances tecnolóxicos que garantan a innovación en todas as áreas da empresa. O concepto central da súa visión corporativa é «achegar valor a través da innovación» que, xunto co concepto cultural corporativo de «liderar e aprender», forman os piares da súa cultura corporativa. Por iso é de especial interese para esta entidade colaborar, con carácter xeral, en actividades similares ás do obxecto deste convenio.

Coa finalidade de avanzar na identificación das boas prácticas na atención integrada da EPOC, o convenio previa a realización dunha xornada para a posta en común, e para a realización de diversos actos de difusión, de boas prácticas nesta materia, dirixida a profesionais sanitarios adscritos a servizos ou unidades asistenciais das distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Ambas as partes estaban interesadas en colaborar coa finalidade de que se puidera realizar dita xornada, así como difundir os seus resultados. Para iso Boehringer Ingelheim estaba interesada en colaborar mediante o financiamento dos custos do soporte loxístico da mesma.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

